

## CURUXÁS

Conlevas na biografía que nos deixas ese nome das aves  
que nembran o silencio da noite cando pasan.  
Son elas donas da cor branca coma ti que amas  
a pureza: ramón de vilamor (a palabra  
que vai por dentro coma toques, melide, palas,  
aquam latam...) Camiños que son de lonxe e sempre  
en silandeiro e grande o compromiso  
coa liberdade sen fin e sen accougo: irmau  
maior, ficas aquí no aire e terra en que prantamos  
este callao xigante e alfabetico  
co teu nome e datas, para que saiban futuros  
que aínda moras consentido no sochán da gándara  
e aloumiñas as testas do careón, do faro,  
bocelo, o carrio, cova da serpe, o monte sunmio,  
candán...e ao lonxe o mar que tanto sabe a memoria  
de nós e nunca esquençe a despedida no fulgor  
dos soles: anuncio en petroglifo que labramos.

*xosé vázquez pintor  
a terra do medio, 27 de xuño 2009*